

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, COMO ENTIDADE BENEFICIARIA, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO "PROXECTO ESTALMAT GALICIA" NA ANUALIDADE 2023.

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Luis López Diéguez**, quen actúa no nome e representación da Excma. **Deputación Provincial de Pontevedra**, en virtude do seu cargo como Presidente do devandito organismo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

E doutra, o Excmo. Sr. **D. Antonio López Díaz**, con DNI 76.565.571-C na súa condición de representante legal, actúa en nome e representación da entidade **Universidade de Santiago de Compostela**, en adiante entidade beneficiaria, con C.I.F. Q1518001A e con sede social no Colexio de San Xerome-Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 Santiago de Compostela (A Coruña), con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa como fedatario público deste convenio **D. Carlos Cuadrado Romay**, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra.

Interveñen en función dos seus cargos e no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas, e recoñécense con capacidade legal suficiente para suscribir este convenio; a tal efecto,



EXPOÑEN

1.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra é a entidade de goberno e administración autónoma da provincia, dentro da esfera das súas competencias, sendo os seus fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos básicos e o fomento e administración dos intereses da provincia, entre eles as oportunidades de acceso a una maior cualificación profesional da mocidade.

2.- Que ESTALMAT – GALICIA (Estímulo do Talento Matemático) é un proxecto de detección e estímulo do talento precoz nas matemáticas que se desenvolve na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela. Este proxecto é da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais, patrocinado polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), e lévase a cabo entre estudantes galegos entre os 12 e os 16 anos.

3.- Que ambas partes, consideran de gran importancia o proxecto ESTALMAT – GALICIA, cuxa finalidade é a detección e o estímulo do talento precoz en matemáticas. Trátase de detectar nenos e nenas con capacidade para as matemáticas (que se corresponden normalmente con capacidades científicas en xeral) e estimularlos –adestrarlos, para que vaian aprendendo os métodos, técnicas e estratexias matemáticas (e científicas en xeral). Mais que conseguir “matemáticos” o obxectivo é adestrar futuros científicos, que ademais de coñecer métodos e técnicas, aprecien as matemáticas polo seu papel no desenvolvemento da ciencia en xeral e da cultura.

De acordo co indicado, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Deputación de Pontevedra, coa finalidade de que esta última achegue unha axuda económica que permita financiar os gastos derivados da execución do “Proxecto ESTALMAT”, na anualidade 2023, consistente nun proxecto de excelencia con actividades e metodoloxía docente para espertar vocacións no ámbito dos estudos de Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas (disciplinas STEM), nomeadamente en Matemáticas.

SEGUNDA.- Contía económica para o desenvolvemento do proxecto.

Deputación de Pontevedra contribuirá ao cumprimento dos obxectivos do presente convenio mediante unha subvención con cargo a aplicación orzamentaria 23/240.2410.453.94 do presuposto

provincial vixente, por un importe de tres mil quinientos euros (3.500,00€), dacordo co orzamento achegado coa solicitude que consta no expediente.

TERCEIRA.- Compatibilidade

A achega económica proporcionada pola Deputación de Pontevedra será compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Universidade de Santiago de Compostela deberá comunicar as axudas públicas que obteña ou solicite para este proxecto na forma que se indica na cláusula 6.d).

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

CUARTA.- Compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscritoras conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades.

Son obrigas da Deputación de Pontevedra

- a) Transferirlle á Universidade de Santiago de Compostela a achega económica de 3.500,00€ para financiar os gastos derivados da execución do "Proxecto ESTALMAT", na anualidade 2023, sempre e cando a entidade beneficiaria xustifique a subvención segundo o especificado na lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Son obrigas da Universidade de Santiago de Compostela:

- a) A entidade beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación de Pontevedra en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soportes que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 31 do regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Informar regularmente á Deputación de Pontevedra da marcha das actividades relacionadas co obxecto deste convenio a través da comisión de seguimento á que fai referencia a cláusula oitava.
- c) Presentar un informe/memoria final onde se recollan os gastos efectuados na totalidade do proxecto.

- d) Incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado, que aludan ou informen da actividade subvencionada, os "logotipos" institucionais da Deputación de Pontevedra, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do ente provincial.
- e) Comprobar, no seu caso, o cumprimento das condicións ou requisitos determinantes para o seu outorgamento, así como a realización da actividade que determine a concesión da subvención.
- f) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante a Deputación de Pontevedra.
- g) Comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación de Pontevedra, se fora o caso.
- h) Presentar declaración responsable de non ter incorrido en ningún dos supostos de prohibición para percibir subvención.
- i) Terá dereito a percibir o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a xustificación que se indica na cláusula quinta.
- j) Coa sinatura do presente convenio, a entidade beneficiaria autoriza á Deputación de Pontevedra a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada e a súa condición de entidade financiadora.
- k) Promover o talento feminino e a participación das mulleres nesta disciplina académica.
- l) Convidar á Deputación de Pontevedra a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.
- m) Dar cumprimento ao recollido no artigo 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación coa subcontratación das actividades subvencionadas.

QUINTA.- Promoción da actuación subvencionada e publicidade da subvención outorgada.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

SEXTA.- Xustificación e aboamento da subvención.

Considéranse gastos subvencionables aqueles gastos correntes e de persoal que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2023. As contías deberán manterse nos termos establecidos no orzamento achegado coa solicitude que consta no expediente sen que poida haber unha desviación de mais do 20% entre os diferentes conceptos subvencionables.

A Universidade de Santiago de Compostela deberá rendir a conta xustificativa do cumprimento das condicións impostas e da execución do "Proxecto ESTALMAT", que se documentará mediante a aportación dos seguintes documentos:

- a) Relación de gastos, na que figurará a relación do coste ou gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou documento con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. Deberán presentar a/as factura/s polo importe da cantidade subvencionada.
- b) Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, se indicará que o resto de xustificantes de conta estarán a disposición da Deputación de Pontevedra para o seu exame en caso de que sexa requirido.
- c) Memoria explicativa e detallada da realización do proxecto e da consecución da súa finalidade.
- d) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, na que se indicará, de ser o caso, a entidade concedente, a data e o importe total concedido.
- e) Declaración responsable de non estar o beneficiario incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para beneficiarse desta axuda.
- f) Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Deputación Provincial de Pontevedra.
- g) Xustificación da divulgación da financiación da actividade por parte da Deputación de Pontevedra.

A presentación da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio para que se produza a achega da axuda económica. A Universidade de Santiago de Compostela disporá ata o 31 de marzo de 2024 para proceder á súa aportación. Logo de transcorrer este prazo sen ter presentada a documentación xustificativa da totalidade do proxecto, requirirase ao beneficiario para que sexa achegada no prazo improrrogable de quince días. No caso de que a entidade beneficiaria non xustifique a totalidade do proxecto, a cantidade subvencionada diminuíra proporcionalmente.



Tan só no caso de que a subvención estea correctamente xustificada, a Deputación de Pontevedra achegará a Universidade de Santiago a cantidade de 3.500,00 €.

SÉTIMA.- Dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais protexidas pola nosa Constitución, poderá implicar a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro, no seu caso.

OITAVA.- Vixencia do convenio e modificación.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa sinatura ata o 31 de marzo de 2024. En calquera momento antes da finalización deste prazo os asinantes do convenio poderán acordar de mutuo acordo a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción. Todo isto, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.

NOVENA.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento, coordinación, vixilancia e control da execución do obxeto deste convenio, así como para a resolución de dúbidas e de conflitos que se poidan producir na súa interpretación, se creará unha comisión integrada por dúas persoas representantes de cada unha das partes, unha das cales terá carácter técnico, sen prexuízo de que se poida solicitar, de mutuo acordo, a presenza puntual doutros membros ou persoas asesoras. Esta comisión encargárase de:

- Interpretar, supervisar e controlar o contido deste convenio.
- Elevar as propostas que se elaboren aos órganos competentes de ambas partes.

Con independencia dos traballos que realice a comisión de seguimento, a Deputación Provincial de Pontevedra establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

A comisión de seguimento se reunirá cando o seu responsable o estime convinte, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As reunións terán lugar no Pazo provincial da Deputación de Pontevedra por regra xeral. Na reunión constituinte da comisión de seguimento se designarán a persoa responsable e a ou o secretario, que redactará as actas das reunións. En



defecto de acordo, a presidenta da Deputación sinalará á persoa responsable da comisión que actuará en calidade de presidenta ou presidente.

A comisión poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento interno, e a falta delas se rexerá polas normas que en materia de órganos colexiados inclúe a Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (arts. 15-22).

DÉCIMA.-Control financeiro da subvención.

A Deputación Provincial de Pontevedra, a través da Intervención, poderá someter a control financeiro esta subvención tal como se establece no artigo 44 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Este control terá por obxecto verificar:

- a) A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte do beneficiario.
- b) O cumprimento por parte do beneficiario das obrigacións de xestión e aplicación das subvencións.
- c) A adecuada e correcta xustificación das subvencións e a consecución dos obxectos das subvencións.
- d) A realidade e regularidade das operacións que, dacordo coa xustificación presentada polo beneficiario, foron financiadas coa subvención.
- e) A adecuada financiación das actividades subvencionadas.
- f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por parte do beneficiario que poidan afectar a correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.

Nese sentido, o beneficiario debe pagar aos seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada; deberá facelo preferentemente por medio de instrumentos de entidades financeiras e será obrigatorio cando o importe supere os novecentos euros. Non obstante, se o beneficiario ten dificultades de tesourería poderá pagar unha vez cobre a subvención; deberá realizar o pago no prazo máximo dun mes desde que se produza este cobro.

Así mesmo, a información sobre a subvención concedida neste convenio remitiráselle ao Consello de Contas en aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas, Resolución, de 2 de decembro de 2016).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Extinción do convenio.

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir nalgunha das causas de resolución.

Ademáis das expresadas na normativa vixente, as causas de resolución serán:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O mutuo acordo das partes firmantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes firmantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que no prazo que se sinala cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento lle será comunicado tamén á persoa responsable da comisión de seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixira lle notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. O incumprimento e a resolución do convenio por esta causa poderán dar lugar á súa liquidación con obxecto de determinar as obrigacións e compromisos de cada unha das partes, as súas responsabilidades, e a indemnización dos perxuízos causados no seu caso, que se aclararán, en primeira instancia, por parte da comisión de seguimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa que faga inviable a continuación das actuacións obxecto deste convenio, previa comunicación e tratamento por parte da comisión de seguimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- Réxime xurídico.

De conformidade co artigo 48, apartado 7, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), o presente convenio, dado o seu carácter instrumental dunha subvención, rexerase polo previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, será de aplicación a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais lexislación en materia de réxime local, as Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Este convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes mais alá das cláusulas recollidas no mesmo, de forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento. As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo



que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non se puideran resolver a través da comisión de seguimento, acordan o sometemento deste convenio ao orde xudicial contencioso-administrativo e expresamente aos xulgados do Contencioso de Pontevedra.

DÉCIMO TERCEIRA.- Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que o interesado declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo tódalas actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento se basa no cumprimento dunha tarefa de interés público ou do exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable” disponible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poda acceder de forma integral á información relativa a unha materia. O interesado poderá acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revocar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/ejercicio-de-derechos>.

Así mesmo, na aplicación deste convenio se respetarán cantas exixencias establece o Regulamento UE 679/2016 Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, pérdidas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Baixo os termos referenciados e en proba de conformidade, asinan e rubrican as partes este convenio.

